




DOCUMENTO DE FUNCIONAMENTO


1. Dende o [repositorio ABALAR](#), as oito unidades de Music Factory 2 terán as seguintes opcións á dereita.



Se prememos en *Visualizar*, poderemos ver toda a unidade e traballar con ela. Se prememos en *Descargar*, a unidade descargárase no noso ordenador mediante un **ficheiro comprimido**. As iconas poden variar dependendo do noso ordenador





Teremos que premer nese ficheiro comprimido e buscar na lista de elementos o chamado **index.html**, premer nel e a unidade comezará a funcionar. De novo a aparencia do arquivo pode variar dependendo do navegador ou do noso ordenador.



2. Instalación do arquivo comprimido na aula virtual do centro (MOODLE).

Accedemos á aula virtual empregando nome de usuario e contrasinal. Activamos a edición na esquina superior dereita. Dependendo da versión do noso Moodle, podemos atopar botóns diferentes.




Para cargar o ficheiro comprimido hai que seguir estes pasos:




- Prememos en “Engadir unha actividade ou recurso”

+ [Engadir unha actividade ou un recurso](#)


- Agregamos recurso “ficheiro”



- Arrastramos ou subimos o ficheiro comprimido ata a zona de contidos.



- Seleccionamos o ficheiro desexado e prememos en “enviar este ficheiro”



- Descomprimos o arquivo zip. E prememos en “actualizar”.



Editar unidade1.zip

Descargar Eliminar **Descomprimir**


Nome unidade1.zip

Autor

Escolle a licenza Creative Commons - Non c

Ruta /

Actualizar Cancelar



- Buscamos o elemento "index.html" e prememos nel para convertelo en ficheiro guía ou principal.



Editar index.html

Descargar Eliminar

Establecer como fichero principal ?

Nome index.html

Autor

Escolla a licenza Outro

? Ruta /

Actualizar Cancelar

- Gardamos os cambios e vemos.

Xa podemos disfrutar das nosas unidades dende a aula virtual.